



## Ortografía. A PARTICIÓN DE PALABRAS. O GUIÓN



Lembras como se parten as palabras ao final da liña? Compróboo coa seguinte actividade.


Marca a palabra de cada parella que estaría ben partida ao final da liña.

- |                                    |                                    |                                     |
|------------------------------------|------------------------------------|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> ningu-nha | <input type="checkbox"/> moi-to    | <input type="checkbox"/> ref-lexión |
| <input type="checkbox"/> ningun-ha | <input type="checkbox"/> mo-ito    | <input type="checkbox"/> re-flexión |
| <input type="checkbox"/> a-lemán   | <input type="checkbox"/> colle-ita | <input type="checkbox"/> car-reira  |
| <input type="checkbox"/> ale-mán   | <input type="checkbox"/> collei-ta | <input type="checkbox"/> ca-reira   |

Escríbese **guión** (-) ao final da liña cando se parte unha palabra que continúa na liña seguinte. Para dividir palabras hai que ter en conta estas regras:

- As palabras divídense por sílabas. Por exemplo: *fon-te*.
- Non se poden separar os ditongos. Exemplo: *moi-to* e non *mo-ito*.
- Non se poden separar os dígrafos distribuíndoos en sílabas diferentes, porque representan un único son (**ch, gu, ll, nh, qu** e **rr**). Exemplo: *algu-nha* e non *algun-ha*.
- Non se pode deixar unha vogal soa nin ao final nin ao principio dunha liña. Exemplos: *ale-mán* e non *a-lemán*; *co-roa* e non *coro-a*.
- Os grupos consonánticos **bl, br, cl, cr, dr, fr, fl, gl, gr, pl, pr, tl** e **tr**, tampouco se poden separar ao final da liña. Exemplo: *pro-clar* e non *proc-lamar*. En cambio, o grupo **cc** pódese dividir, porque cada *c* pertence a unha sílaba distinta. Exemplos: *ac-ción, direc-ción*.

**1** Risca as palabras de cada grupo que están mal divididas e explica por que non se poden dividir así.



**2** Divide de todas as formas posibles as seguintes palabras, coma se estivesen ao final da liña.

- |                                    |                                     |                                    |                                     |
|------------------------------------|-------------------------------------|------------------------------------|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> colección | <input type="checkbox"/> muiño      | <input type="checkbox"/> abotoar   | <input type="checkbox"/> infracción |
| <input type="checkbox"/> cunha     | <input type="checkbox"/> carretilla | <input type="checkbox"/> choqueiro | <input type="checkbox"/> aéreo      |

Exemplo ► colección → *ca-lección, colec-ción*.

